

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 18 A 22 DE MAIO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO: 1º ESO

PROFESOR/A: ANA VARELA

CONTACTO: anamarvc3@gmail.com

MÉTODO DE CORRECCIÓN: ENVÍO DOS TRABALLOS

ACTIVIDADES

Ola a tod@s,

Sabedes que xa temos instrucións da Consellería de Educación que plantexan unha serie de cambios a partir do 18 de maio.

Na materia de Xeografía e Historia, unha vez feita a media das dúas primeiras avaliacións, **poderedes subir a nota final (ata un máximo de dous puntos) coas tarefas enviadas cada semana**, tanto os que tedes aprobadas as dúas avaliacións coma os que as teñan suspensas (sempre que aproben as tarefas de recuperación que terán que facer como prioridade).

A partir de agora **non se poderá enviar o material atrasado das tarefas propostas desde marzo ata o 17 de maio.**

A proposta desta semana é dobre, pero podedes elixir entre dúas opcións, enviando so unha ou as dúas se queredes:

1ª opción: Igual que a pasada semana nun mapa político de España imos viaxar por unha **nova ruta, desde Ourense ata Mérida (Badajoz)**, marcando no propio mapa todas as provincias polas que pasedes. Alí buscaredes información sobre o **circo romano de Mérida** (xa sabedes: data de construción, aforo, estado de conservación, para que se utilizaba...) **e outros restos romanos** que se poden atopar nesta cidade, quizais a que conserve máis e en mellor estado de España.

2ª opción: Nun **mapa físico da península ibérica** (poño plantillas ao final) colocar algúns dos principais elementos do relevo peninsular: **a Meseta, o sistema Central e Montes de Toledo**. Investiga en internet e busca **5 fotos** das seguintes paisaxes naturais: paisaxe da meseta castelá, bosque natural de Galicia, horta murciana, deserto de Almería e paisaxe natural canaria. Que clima teñen estas paisaxes? (frío, quente, seco ou chuvioso?) Inflúe na súa paisaxe? Sabedes en cal destas paisaxes rodaron moitas pelis do oeste?

